



## **CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE ..... PARA A REALIZACIÓN DUNHA OBRA DE INFRAESTRUTURA RURAL**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural ten previsto formalizar co concello de ..... o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente ata o remate da actuación contemplada no mesmo, a comunicación da recepción da obra ao Concello e a formalización da acta de entrega.

Que o instrumento convencional ten por obxecto :

A execución por parte da Consellería do Medio Rural da obra de titularidade municipal "....." , por importe ..... €, no concello de ..... e destinala o uso público , conforme ao seu correspondente proxecto de obra.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**PRIMEIRO.-** A Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, é o órgano da Administración galega encargado de propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito rural.

En exercicio das súas competencias responsabilízase de accións que teñan como obxectivo directo a mellora da calidade de vida das zonas rurais, desenvolvendo as dotacións de equipamentos públicos básicos e de infraestruturas no medio rural.

**SEGUNDO.-** O concello de ..... presenta unha deficiente dotación de infraestruturas rurais no seu ámbito territorial producíndose carencias importantes que frean o seu desenvolvemento rural.

**TERCEIRO.-** A Consellería do Medio Rural, co obxecto de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas no medio rural, vén de determinar as actuacións a realizar en distintos concellos de Galicia que se desenvolverá de acordo cuns criterios básicos entre os que se sinalan:

- Contemplará proxectos que teñan que ver coa dinamización da base produtiva do medio rural, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación que reside nestas zonas e contribuír a fixar poboación.





- Poderanse incluír obras de infraestruturas de servizos básicos elementais, como abastecemento de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas e pistas rurais, así como aqueles proxectos singulares que, pola súa natureza, entren dentro da competencia desta Consellería.

**CUARTO.-** Ambas as dúas partes expresan o seu ánimo de participar e colaborar na consecución deses intereses comúns de apoio ao medio rural galego ao abeiro do Decreto 246/1992, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións para a execución en réxime de cooperación coas corporacións locais para a realización de obras titularidade das mesmas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

O director xeral de Desenvolvemento Rural

ASINADO DIXITALMENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois





PROVINCIA	CONCELLO	EXPEDIENTE	OBRA	IMPORTE	Data Convenio
A CORUÑA	ARANGA	X-13026	Mellora e acondicionamento do camiño da portela	35.883,00	01/08/2016
A CORUÑA	CABANAS	X-12998	Mellora de camiños municipais en A Costa, Chamoso, As Modias e Vial de servizo en Fontenova	51.867,38	19/08/2016
A CORUÑA	CARRAL	X-13011	Acondicionamento de camiño de Cruz de Beira a Curro de Beira	31.044,70	01/08/2016
A CORUÑA	COIROS	X-13070	Plan de emerxencias Coiros	58.350,37	19/08/2016
A CORUÑA	FRADES	X-13009	Ponte en Xeza (Mesós) e outro	59.940,38	01/08/2016
A CORUÑA	FRADES	X-13010	Resposición de ponte en Raseo	59.754,52	01/08/2016
A CORUÑA	IRIXOA	X-13057	Aglomerado camiño O Cal - Escaño (parroquia de Ambroa)	59.900,00	01/08/2016
A CORUÑA	LOUSAME	X-13082	Camiños forestais e acceso a Granxa en Vilar de Reconco e Outros	60.470,73	23/08/2016
A CORUÑA	MELIDE	X-13017	Mellora da pavimentación na pista da Folladela a Sobrado	60.499,99	01/08/2016
A CORUÑA	SOBRADO	X-13013	Arranxo de viario Sobrado - Melide	60.000,00	01/08/2016
A CORUÑA	TORDOIA	X-13062	Camiño estrada Carballeda-Estrada Viladabe (Tordoia- A Coruña)	21.238,90	19/08/2016
A CORUÑA	VILARMAIOR	X-12692	Reparacións na ponte sobre o río Baxoi	34.995,67	01/08/2016
LUGO	ANTAS DE ULLA	X-12991	Pavimentación das vías públicas municipais no concello de Antas de Ulla. Caira, Rial a Amoxea e Timós e Quintela a Ponte do Estanco	49.543,10	01/08/2016
LUGO	BEGONTE	X-13049	Obras de reparación de pista municipal na localidade de Pacios - Begonte	52.129,61	18/08/2016
LUGO	BÓVEDA	X-13048	Mellora de camiños municipais no concello de Bóveda	59.600,00	01/08/2016
LUGO	CERVO	X-12992	Memoria técnica de pavimentación de vial encoro á Caseta Cazadores en Rúa	50.000,00	01/08/2016
LUGO	PALAS DE REI	X-13035	Rexeneración de camiños no concello de Palas de Rei	60.396,70	01/08/2016
LUGO	SOBER	X-12691	Memoria valorada de construción dun muro de contención de Castro de Liñarán	20.354,09	02/08/2016
OURENSE	BLANCOS, OS	X-12997	Mellora de firme en varios núcleos do concello de Os Blancos	59.852,69	19/08/2016
OURENSE	CENILLE	X-13027	Acondicionamento de pistas en Osmo	12.552,02	02/08/2016
OURENSE	A Gudiña	X-13008	Reforma nova ubicación do distrito forestal	45.225,84	19/08/2016
OURENSE	MONTERREI	X-13001	Pavimentación dun camiño agrícola en Albarellos	34.781,96	02/08/2016
OURENSE	OIMBRA	X-13060	Afirmado asfáltico do camiño dos Campinos á Portela do Arado	60.000,00	02/08/2016
OURENSE	OURENSE 1	X-13064	Rehabilitación do firme da rúa Amizade concello de Ourense	59.998,12	19/08/2016
OURENSE	OURENSE 2	X-13065	Adecuación de firmes na estrada de Fechos a Santa Cruz de Arrabaldo	60.449,19	19/08/2016
OURENSE	OURENSE 3	X-13071	Adecuación camiño O Espeto. Zona a Burata	59.800,00	19/08/2016
OURENSE	OURENSE 4	X-13072	Adecuación de camiño a Vilariño	38.467,49	19/08/2016
OURENSE	PIÑOR	X-12612	Reparación do firme asfáltico na Senra (Piñor - Ourense)	25.450,64	02/08/2016
OURENSE	VILAMARÍN 1	X-13076	Ruta circular de sendeirismo en Vilamarín	58.949,00	19/08/2016
OURENSE	VILAMARÍN 2	X-13077	Acondicionamento de pistas rurais en Vilamarín	59.578,55	19/08/2016
PONTEVEDRA	AGOLADA	X-13039	Mellora de camiños de titularidade municipal con firme asfáltico	59.999,87	19/08/2016
PONTEVEDRA	ARBO	X-13005	Camiño Sabugueiro, Camiño a Barreira	59.956,71	02/08/2016
PONTEVEDRA	CAÑIZA, A	X-12999	Eliminación de raíces o Torgo - As Rapseiras (Couto) e pavimentación camiño Briabi	60.000,00	02/08/2016
PONTEVEDRA	COTOBADA	X-12996	Mellora de firmes en camiños municipais	59.999,57	02/08/2016



PROVINCIA	CONCELLO	EXPEDIENTE	OBRA	IMPORTE	Data Convenio
PONTEVEDRA	CRECENTE	X-12995	Reconstrucción de muros en Crecente, Vilar e Angudes	58.048,65	02/08/2016
PONTEVEDRA	FORCAREI	X-13028	Mellora da seguridade vial no camiño do pastizal e o camiño de Rabadeiras no concello de Forcarei	32.411,80	02/08/2016
PONTEVEDRA	MEAÑO	X-13003	Mellora de pistas rurais nas parroquias de Xil e Mearño	59.759,88	02/08/2016
PONTEVEDRA	MORAÑA	X-12993	Reposición de firme en viais concello de Moraña: Portopereiro, Vilacoba-Rebon de Arriba, Barosela - As Laxes	59.988,55	02/08/2016
PONTEVEDRA	MOS	X-13000	Obras de emerxencia para actuacións no camiño Carballo do Monte e camiño Cabo da Vella - Guizán	59.664,93	02/08/2016
PONTEVEDRA	PONTECESURES	X-13054	Reurbanización dos núcleos de Toxa e Carreiras. Fase II	39.885,23	19/08/2016
PONTEVEDRA	PORTAS	X-13004	Pavimentación de camiños no concello de Portas	58.786,69	02/08/2016
PONTEVEDRA	SALVATERRA DE MIÑO	X-13055	Pavimentación en Lambás - Praza - Coto (Porto) (Salvaterra de Miño)	59.290,00	19/08/2016
PONTEVEDRA	VALGA	X-13002	Ampliación da ponte no río Louro no lugar de Casanova. Cordeiro. Ensanche de camiño no lugar do Sixto. Xanza	59.997,85	02/08/2016